



Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

Información xeral do centro

Pode atopar toda a información do centro e as titulacións na páxina web:

<https://fccxxt.webs.uvigo.es>

Grao en Dereito

Materias

Curso 4

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
V08G081V01601	Dereito procesual penal	1c	6
V08G081V01701	Dereito financeiro e tributario II	1c	6
V08G081V01702	Dereito mercantil II	1c	6
V08G081V01931	Dereito concursal	1c	6
V08G081V01932	Propiedade industrial e competencia	1c	6
V08G081V01933	Métodos alternativos de resolución de conflitos no ámbito empresarial	1c	6
V08G081V01934	Responsabilidade civil da actividade empresarial e profesional	2c	6
V08G081V01935	Dereito marítimo	2c	6
V08G081V01936	Dereito do comercio internacional	2c	6
V08G081V01937	Tutela procesual do crédito	2c	6
V08G081V01941	Dereito penal de empresa	1c	6
V08G081V01942	Dereito da seguridade social	1c	6
V08G081V01943	Responsabilidade penal e administrativa no ámbito financeiro-tributario	1c	6
V08G081V01944	Réxime fiscal da empresa	2c	6
V08G081V01945	Dereito administrativo económico	2c	6
V08G081V01946	Constitución económica	2c	6

V08G081V01947	Réxime xurídico da responsabilidade patrimonial da administración (contractual e extracontractual)	2c	6
V08G081V01981	Prácticas externas	2c	6
V08G081V01991	Traballo de Fin de Grao	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS**Dereito procesual penal**

Materia	Dereito procesual penal			
Código	V08G081V01601			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	Farto Piay, Tomás			
Profesorado	Espino Hernández, Luis Diego Farto Piay, Tomás Sarabia García, María Jesús			
Correo-e	tfarto@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Na materia Dereito Procesal Penal estúdanse as institucións básicas do proceso penal, como instrumento tendente á investigación e enxuízamento das condutas delituosas, así como o funcionamento práctico do mesmo nas súas diversas modalidades procedimentais.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C28	CE34 - Coñecer as institucións básicas do proceso penal e o funcionamento práctico do mesmo nas súas diversas modalidades procedimentais.
C29	CE35 - Ser capaz de identificar os problemas xurídicos-procesuais de carácter penal e abordar a súa solución mediante a interpretación e aplicación crítica da normativa procesual penal
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
O coñecemento por parte do estudante das institucións básicas do proceso penal así como familiarizarse co funcionamento práctico do mesmo nas súas diversas modalidades procedimentais.	A2	B1	C28	D1
	A3	B2	C29	D3
	A4	B3		D4
	A5	B4		D5

Contidos

Tema

I.- O PROCESO PENAL ESPAÑOL

- 1.- Principios informadores do proceso penal.
- 2.- Competencia dos órganos jurisdiccionales penais.
- 3.- Partes procesales.
- 4.- Obxecto do proceso penal.
- 5.- Formas de incoación do proceso penal: denuncia, querrela, ateigado.
- 6.- Fase de instrución: dilixencias de investigación, anticipación e aseguramiento da proba.
- 7.- Fase intermedia: sobreseimiento e apertura do xuízo oral.
- 8.- Xuízo oral e proba.
- 9.- Sentenza penal.
- 10.- Efectos do proceso penal.
- 11.- Recursos.
- 12.- Medidas cautelares.
- 13.- Ejecución penal.

II.- PROCESOS PENAIS ESPECIAIS

- 1.- Enxuízamento rápido de delitos.
- 2.- Proceso por aceptación de decreto.
- 3.- Procedemento ante o Tribunal do Xurado
- 4.- Procedemento para o xuízo sobre delitos leves.
- 5.- Proceso penal de menores

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	34.5	62.5	97
Seminario	15	34	49
Exame de preguntas obxectivas	1.5	0	1.5
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	1.5	0	1.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	No horario de tutorías fixado polo profesor/a e publicado oportunamente polo centro, os alumnos/as, individualmente ou en grupos moi reducidos, poderán consultar co profesor/a as dúbidas e cuestións que se lles susciten en relación cos contidos teóricos da materia ou cos exercicios e casos prácticos propostos.
Seminario	No horario de tutorías fixado polo profesor/a e publicado oportunamente polo centro, os alumnos/as, individualmente ou en grupos moi reducidos, poderán consultar co profesor/a as dúbidas e cuestións que se lles susciten en relación cos contidos teóricos da materia ou cos exercicios e casos prácticos propostos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas obxectivas	Ao longo do cuatrimestre realizaranse nas datas indicadas na planificación docente 2 probas tipo test. Estas probas non liberan materia de cara ao exame final.	30	A2 B1 C28 D3 A3 B3 C29 D5 A5 B4
Exame de preguntas de desenvolvemento	Na data fixada no calendario oficial de exames, realizarase un exame teórico oral ou escrito, que comprende toda a materia.	40	A2 B1 C28 D1 A3 B2 D3 A4 B3 D5 A5 B4
Resolución de problemas e/ou exercicios	Na data indicada no calendario oficial de exames realizarase unha proba de carácter práctico consistente no estudo dun caso.	30	A2 B1 C28 D1 A3 B3 C29 D3 A5 B4 D4 D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

Na materia Dereito Procesal Penal seguiranse dous sistemas de avaliación, tanto na primeira convocatoria (maio/xuño) como na segunda (xullo): avaliación continua ou exame final.

1º.- AVALIACIÓN CONTINUA. Para poder optar por este sistema, o/a alumno/a deberá acreditar asistencia ao 80 % das clases teóricas e prácticas. O sistema de avaliación continua consistirá en: a) 2 probas teóricas tipo test, que se realizarán nas datas indicadas na planificación docente que se proporcionará aos alumnos ao comezo de curso; a nota media obtida nestas probas representará o 30% da cualificación final. b) 1 proba práctica escrita, que se realizará na data indicada no calendario oficial de exames que representará o 30% da cualificación final. c) 1 proba teórica oral ou escrita, sobre toda a materia, que se realizará na data fixada no calendario oficial de exames e que representará o 40% da cualificación final.

En calquera caso, para que se entenda superada a materia, é necesario obter nesta proba teórica polo menos un 5 sobre 10. De non alcanzarse esta nota mínima de 5 sobre 10, non se procederá ao cómputo da avaliación continua e a nota final corresponderase coa nota obtida na proba teórica.

Notas importantes: a) Para ser evaluado conforme ao sistema de avaliación continua, o/a alumno/a deberá realizar a proba teórica (oral ou escrita), a proba práctica escrita e, polo menos, unha das probas teóricas tipo test. b) Os/as alumnos/as que sigan o sistema de avaliación continua e que non superen a materia na primeira convocatoria (maio/xuño), de facer á segunda convocatoria (xullo) poderán optar por: - Que se lles manteña a cualificación obtida nas probas tipo test e na proba práctica realizadas durante o curso (se ambas constan aprobadas), nese caso o exame consistiría nunha proba teórica oral ou escrita sobre toda a materia, que representará o 40% da cualificación final, e na que deberán obter polo menos un 5 sobre 10 para entender superada a materia. - Facer un exame final nos termos que se indican a continuación.

No caso de que sexa necesario realizar a un ou varios alumnos calquera das probas en data distinta das previstas no cronograma ou no calendario oficial, poderá substituírse por un exame oral sobre o contido obxecto de avaliación.

2º.- EXAME FINAL. Os/as alumnos que decidan non seguir o sistema de avaliación continua ou que non realicen as actividades necesarias para ser avaliados conforme a este sistema, serán avaliados cun exame final, que se realizará na data fixada no calendario oficial de exames e que representará o 100% da cualificación final. O devandito exame constará de: a) Unha proba práctica escrita, consistente no estudo dun caso. Esta proba práctica representará o 20% da cualificación final. b) Unha proba teórica oral ou escrita sobre toda a materia, que representará o 80% da cualificación final.

Nota importante: para poder superar a materia a través do exame final, o/a alumno/a terá que superar as dúas partes do exame. É dicir, na proba práctica, terá que obter polo menos un 1 sobre 2; e, na proba teórica, un 4 sobre 8.

No caso de que sexa necesario realizar a un ou varios alumnos calquera das probas en data distinta das previstas no cronograma ou no calendario oficial, poderá substituírse por un exame oral sobre o contido obxecto de avaliación.

3º.- CONVOCATORIA DE FIN DE CARREIRA. Na convocatoria de fin de carreira o sistema de avaliación será o de exame final nos termos expostos anteriormente.

OUTRAS INDICACIÓNS

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o presente curso académico e publicadas na web da Facultade.

No caso de que sexa necesario realizar a un ou varios alumnos calquera das probas en data distinta das previstas no cronograma ou no calendario oficial, poderá substituírse por un exame oral sobre o contido obxecto de avaliación.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

MORENO CATENA, V.; CORTÉS DOMÍNGUEZ, V., **Derecho Procesal Penal**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN

GÓMEZ COLOMER, J.L.; BARONA VILAR, S. (Coords.), **Proceso Penal. Derecho Procesal III**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN

GIMENO SENDRA, V., **Derecho Procesal Penal**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN

ASENCIO MELLADO, J.M., **Derecho Procesal Penal**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN

ALONSO-CUEVILLAS Y SAYROL, J. (Dir.), **El nuevo proceso penal tras las reformas de 2015**, Atelier, ÚLTIMA EDICIÓN

Bibliografía Complementaria

MORENO CATENA, V., (Dir.), **El proceso penal. Doctrina, jurisprudencia y formularios (5 vols.)**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN

CONDE-PUMPIDO FERREIRO, C., **Comentarios a la Ley de Enjuiciamiento Criminal y otras leyes del proceso penal (6 vols.)**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN

GÓMEZ COLOMER, J.L. (Coord.), **Prueba y proceso penal**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Sistema xudicial español e proceso civil/V08G081V01403

DATOS IDENTIFICATIVOS**Dereito financeiro e tributario II**

Materia	Dereito financeiro e tributario II			
Código	V08G081V01701			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito público especial			
Coordinador/a	Muleiro Parada, Luís Miguel			
Profesorado	Barreiro Carril, María Cruz Muleiro Parada, Luís Miguel Ruiz Hidalgo, María del Carmen			
Correo-e	lmuleiro@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia "Dereito Financeiro e Tributario II" impártese en 4º Curso do Grao en Dereito, e constitúe a denominada "Parte especial" do Dereito tributario". O seu contido céntrase na análise xurídica dos diferentes tributos que conforman o sistema tributario español nos tres niveles de organización territorial: estatal, autonómico e local. Esta materia aborda o estudo dos tributos en particular, polo que é necesario que o alumno coñeza as institucións fundamentais do Dereito privado e do Dereito público que lle permitan comprender a tributación de determinados contratos civís, mercantís, laborais ou administrativos. Ademais, é imprescindible que o estudante superase a materia "Dereito financeiro e tributario I", de 3º Curso, xa que a completa comprensión da materia complétase coa mencionada materia.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C20	CE26 - Coñecer os principais impostos do sistema tributario estatal, autonómico e local
C21	CE27 - Ser capaz de identificar os elementos esenciais dos devanditos impostos (feito imponible, suxeitos pasivos, etc), así como saber aplicar as súas regras de cuantificación e de determinación da débeda tributaria
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer, interpretar e aplicar as normas reguladoras do sistema tributario español	A1	B1	C20	D1
	A2	B2	C21	D3
	A3	B3		D4
	A4	B4		D5
	A5			

Contidos	
Tema	
*I.- INTRODUCCIÓN.	1.- O sistema tributario español. Evolución histórica. Situación actual.
*II.- IMPOSTOS DIRECTOS.	2.- Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. 3.- Imposto sobre Sociedades. 4.- Imposto sobre a Renda do Non Residentes. 5.- Imposto sobre o Patrimonio. 6.- Imposto sobre Sucesións e Doazóns.
*III.- IMPOSTOS INDIRECTOS.	7.- Imposto sobre Transmisións Patrimoniais *Onerosas e Actos Xurídicos Documentados. 8.- Imposto sobre o Valor Engadido. 9.- Impostos Especiais. 10.- Outros impostos indirectos.
*IV.- TRIBUTOS DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS.	11.- Tributos propios. 12.- Tributos cedidos.
*V.- IMPOSTOS DAS CORPORACIÓNS LOCAIS.	13.- Imposto sobre Bens Inmóbles. 14.- Imposto sobre Actividades Económicas. 15.- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica. 16.- Imposto sobre Instalacións, Construcións e Obras. 17.- Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	33	32	65
Seminario	12	35	47
Aprendizaxe-servizo	0	15	15
Exame de preguntas de desenvolvemento	6	17	23
Observación sistemática	0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten profundar ou complementar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.
Aprendizaxe-servizo	O alumnado poderá participar voluntariamente en actividades titorizadas de aprendizaxe-servizo. A aplicación desta metodoloxía queda condicionada á súa aprobación na convocatoria ApS 24-25.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Atenderanse e resolveranse dúbidas do alumnado respecto dos contidos, actividades e/ou exercicios que foran propostos para adquirir as competencias perseguidas. As sesións de tutorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico ou videoconferencia) baixo a modalidade de concertación previa
Seminario	Atenderanse e resolveranse dúbidas do alumnado respecto dos contidos, actividades e/ou exercicios que foran propostos para adquirir as competencias perseguidas. As sesións de tutorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico ou videoconferencia) baixo a modalidade de concertación previa.
Aprendizaxe-servizo	As persoas que opten por este sistema contarán coa implicación do profesorado para alcanzar con éxito o obxectivo proposto. A aplicación desta metodoloxía queda condicionada á súa aprobación na convocatoria ApS 24-25.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Aprendizaxe-servizo	O alumnado poderá participar voluntariamente en actividades titorizadas de aprendizaxe-servizo. A aplicación desta metodoloxía queda condicionada á súa aprobación na convocatoria ApS 24-25.	Se calificará conjuntamente con la asistencia y participación en el 20 por ciento de la nota de evaluación continua.	A1 B1 C20 D1 A2 B2 C21 D3 A3 B3 D4 A4 B4 D5 A5
Exame de preguntas de desenvolvemento	O/a alumno/a que se acolla ao sistema de avaliación continua será avaliado conforme aos seguintes criterios: 1ª) Primeira proba parcial, realizarase a metade de cuadrimestre (40%), 2ª) Segunda proba parcial, realizarase ao final do cuadrimestre (40%). Os/as alumnos/as de avaliación global: a súa cualificación estará integrada polo 100% da cualificación obtida no exame escrito, que será diferente ao que realice o alumnado de avaliación continua. No exame de avaliación global avaliaránselles de todas as competencias.	40 por ciento cada prueba. 80	A1 B1 C20 D1 A2 B2 C21 D3 A3 B3 D4 A4 B4 D5 A5
Observación sistemática	Percepción atenta, racional, planificada e sistemática para describir e rexistrar as manifestacións do comportamento do alumnado. Para os efectos de poder realizar esta última avaliación controlarase a asistencia a clase e a participación activa.	20	A1 B1 C20 D1 A2 B2 C21 D3 A3 B3 D4 A4 B4 D5 A5

Outros comentarios sobre a Avaliación

O temario que figura no apartado de contidos constitúe unha versión resumida das leccións que serán obxecto de exame.

Oportunamente, ao comezo do curso académico, proporcionaráselle ao alumnado un temario máis detallado cos epígrafes que conforman cada lección.

1.-Segundo se establece no Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado (aprobado polo Claustro da Universidade de Vigo o 18 de abril de 2023), o/o alumno/para deberá manifestar a súa intención de non acollerse ao sistema de avaliación continua conforme ao procedemento e na data establecidos polos órganos competentes do Centro. No caso de que o Centro non determine unha data concreta, indícarase polos profesores en primeiro día de clase.

2.- O/a alumno/a que se acolla ao sistema de avaliación continua será avaliado conforme aos seguintes criterios: 1ª) Primeira proba parcial, realizarase a metade de cuadrimestre (40%), 2ª) Segunda proba parcial, realizarase ao final do cuadrimestre (40%), 3ª) Asistencia regular, participación activa en clase e actividades organizadas pola área de Dereito Financeiro e Tributario (20%). Para os efectos de poder realizar esta última avaliación controlarase a asistencia a clase e a participación activa.

As dúas probas parciais escritas son obrigatorias, realizadas ambas as en período lectivo. Cada unha destas dúas probas parciais é liberatoria sempre que o/a alumno/a alcance unha cualificación mínima de 5 sobre 10, de xeito que superando ambas as probas non estará obrigado a realizar o exame ou proba final, como requisito para superar a materia. Se só supera unha proba das dúas, a nota obtida mantense tanto para a primeira como para a segunda oportunidade de exame. O alumno debe examinarse da materia non superada.

3.- Os/as alumnos/as de avaliación global: a súa cualificación estará integrada polo 100% da cualificación obtida no exame escrito, que será diferente ao que realice o alumnado de avaliación continua. No exame de avaliación global avaliaránselles de todas as competencias.

4.- O exame final de primeira e segunda oportunidade realizarase na data, lugar e hora especificados no calendario oficial aprobado para ese efecto pola Xunta de Facultade para o curso académico 2024/2025.

A nota do exame final será a suma das notas obtidas segundo os criterios e porcentaxes anteriormente establecidas:

- Alumnado que siga a avaliación continua terá que superar as probas parciais cunha cualificación mínima de 5 sobre 10, e en caso contrario deberase examinar en primeira ou segunda oportunidade da materia non superada, e na/s parte/s non superadas deberá alcanzar a cualificación mínima de 5 sobre 10. Á cualificación ponderada de ambas as probas sumaráselle a nota obtida pola asistencia, participación en clase e en actividades organizadas pola área de Dereito Financeiro e Tributario.

Se non se superan as dúas probas parciais coa cualificación mínima de 5 sobre 10, entenderase non superada a materia e na acta reflectirase unicamente a nota obtida pola asistencia, participación activa en clase e actividades organizadas pola

área de Dereito Financeiro e Tributario.

Así mesmo, aos exames de primeira e segunda oportunidade poñerán concorrer o alumnado que superase as dúas probas parciais de avaliación continua realizadas durante o cuadrimestre para subir nota.

- Alumnado con avaliación global: a súa cualificación estará integrada polo 100% do exame final sendo diferente ao que realicen os/as alumnos/as de avaliación continua.

ADVERTENCIA ESPECÍFICA PARA OS/AS ALUMNOS/AS QUE CONCORRAN Á CONVOCATORIA DE FIN DE CARRERA: No exame de Fin de Carreira a nota final estará integrada polo 100% da cualificación obtida no exame escrito. O exame de Fin de Carreira realizarase na data, lugar e hora especificados no calendario oficial aprobado para ese efecto pola Xunta de Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

PÉREZ ROYO, F (DIRECTOR), GARCÍA BERRO, F., PÉREZ ROYO,I., ESCRIBANO, F., CUBERO TRILLO, A., CARRASC, **Curso de Derecho Tributario. Parte especial**, 18ª ed, Tecnos, 2024

Código Tributario, 31ª ed., Thomson-Reuters Aranzadi, 2024

MERINO JARA, I. Y LUCAS DURÁN, M. (Y OTROS), **Derecho Tributario. Parte Especial**, última ed., Tecnos,

Legislación básica del Sistema tributario Español, última ed., Tecnos, 2024

Bibliografía Complementaria

CAZORLA PRIETO, LM.; CHICO DE LA CÁMARA, P., **Introducción al sistema tributario español**, última ed, Aranzadi, MALVAREZ PASCUAL, LA; RAMIREZ GOMEZ, S.; SANCHEZ PINO, Aj., **Lecciones del sistema fiscal español**, última ed., Tecnos,

MELLADO BENAVENTE, F.; ARGENTE ALVAREZ,J., **MANUAL PRÁCTICO SOBRE EL IMPUESTO SOBRE SOCIEDADES**, Última Edición, CISS KLUWER,

BARREIRO CARRIL, MC., **Los impuestos directos y el Derecho de la Unión Europea. La armonización realizada por el TJUE**, IEF, 2012

RAMOS PRIETO, J. (Coordinador), **Erosión de la Base Imponible y traslado de beneficios: estudios sobre el plan BEPS de la OCDE**, Thomson-Reuters, Aranzadi, 2016

PITA GRANDAL, A.M (Coordinadora), **Estudios sobre la Financiación de los Puertos**, Marcial Pons, 2017

RAMOS PRIETO, J.; HORNERO MÉNDEZ, J.M., **Derecho y Fiscalidad de las Sucesiones Mortis Causa en España: una perspectiva multidisciplinar**, Thomson-Reuters Aranzadi, 2016

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Réxime fiscal da empresa/V08G081V01944

Responsabilidade penal e administrativa no ámbito financeiro-tributario/V08G081V01943

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito mercantil II/V08G081V01702

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito civil I. Obrigas e contratos/V08G081V01301

Dereito civil II. Dereitos reais/V08G081V01404

Dereito civil III. Familia e sucesións/V08G081V01501

Dereito financeiro e tributario I/V08G081V01603

Dereito mercantil I/V08G081V01502

Outros comentarios

No Programa conxunto de estudos oficiais de Grao en Administración de Empresas e Grao en Dereito impártese no 1º cuadrimestre do 5º Curso polo mesmo profesorado que o Grao en Dereito.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Dereito mercantil II**

Materia	Dereito mercantil II			
Código	V08G081V01702			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	Tato Plaza, Anxo			
Profesorado	Costas Martínez, María del Carmen Fernández Carballo-Calero, Pablo Ignacio Louredo Casado, Sara Tato Plaza, Anxo			
Correo-e	atato@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia Dereito Mercantil II céntrase no estudo daquelas principais ferramentas que o empresariado utiliza para actuar no mercado: os contratos mercantís e os títulos valores.			
	Entre os numerosos contratos, o programa céntrase naqueles que, pola súa maior utilización son usualmente utilizados na práctica.			
	No que atinxe aos títulos valores o temario focalízase, fundamentalmente, na letra de cambio dado que a súa normativa serve como referencia tanto ao cheque como o pagaré.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C5	CE5 - Coñecer a regulación dos títulos-valores e dos contratos mercantís
C6	CE6 - Saber interpretar e aplicar as normas relativas aos títulos valores e contratos mercantís
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer os principais contratos mercantís, títulos-valores e demais instrumentos de pago e ser capaz de aplicar ditos coñecementos no tráfico mercantil	A2	B1	C5	D3
	A3	B2	C6	D5
	A4	B4		
	A5			

Contidos

Tema

Contratación mercantil	Nocións xerais sobre contratación mercantil. A compraventa mercantil. Os contratos de distribución Os contratos de colaboración. O contrato de transporte. Os contratos de financiación. Os contratos de custodia e garantía. Os contratos turísticos. A contratación no mercado de crédito. A contratación no mercado de valores. O contrato de seguro.
Instrumentos de pago e crédito na contratación mercantil	A categoría dos títulos valor. Nocións xerais e emisión da letra de cambio. Aceptación, circulación e aval da letra de cambio. Pago da letra. O cheque e o pagaré. As tarxetas de crédito Outros instrumentos de pago na contratación mercantil contemporánea.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	36	90	126
Seminario	12	0	12
Estudo de casos	12	0	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Explicación dos epígrafes segundo un esquema de presentación e conclusións
Seminario	Presentación polos alumnos dun traballo sobre un tema previamente asignado
Estudo de casos	Alternando cas sesións maxistras (clases de teoría) plantexanse casos prácticos que serán resoltos en grupo en horario de clase utilizando a documentación entregada polo docente.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Tutorías personalizadas nos horarios publicados na páxina web da Facultade. Atención personalizada durante a celebración das prácticas en clase
Estudo de casos	Tutorías personalizadas nos horarios publicados na páxina web da Facultade. Atención personalizada durante a celebración das prácticas na clase
Seminario	Tutorías personalizadas nos horarios publicados na páxina web da Facultade. Atención personalizada durante a celebración das prácticas na clase

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Lección maxistral	Ao final das clases o alumnado terá que realizar dúas probas teórico prácticas, correspondendo a primeira delas aos temas propios de contratación mercantil e a segunda aos temas propios de títulos valores. Estas probas combinarán preguntas teóricas e supostos prácticos. Cada unha destas dúas probas será puntuada con 3,5 puntos.	70	A2 A3 A4 A5	B1 B2 B4	C5 C6	D3 D5
Seminario	Presentación dun traballo sobre un tema previamente asignado	10	A2 A3 A4 A5	B1 B2 B4	C5 C6	D3 D5
Estudo de casos	Ao longo do cuatrimestre realizaranse dous test sobre as cuestións plantexadas nas clases prácticas. A nota máxima por esta actividade serán dous puntos.	20	A2 A3 A5	B4	C5 C6	D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para acollerse ao sistema de avaliación continua o alumno/a terá que asistir regularmente a clase (teórica e práctica). Para estes efectos, realizaranse controis aleatorios de asistencia e considerarase que un alumno/a incumpriu este requisito se

acumula máis de dúas faltas de asistencia sen xustificar.

Para superar a materia mediante o sistema de avaliación continua, o alumnado terá que obter un mínimo de 1,5 puntos no conxunto das probas consistentes nos test e no seminario, e un mínimo 3,5 puntos nas dúas probas teórico prácticas que se formularan unha vez finalizado o período de clases.

Entenderase que un alumno/a acóllese ao sistema de avaliación continua cando realice algunha das probas mencionadas (test, seminario o proba teórico práctica). Non resulta posible renunciar á avaliación continua unha vez realizada algunha das probas mencionadas.

O alumnado que non se acolla ao sistema de sistema de avaliación continua terá que realizar un exame final, que combinará preguntas teóricas e prácticas, ao que lle asignará o 100% da nota.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Fernando Sánchez Calero, **Principios de Derecho Mercanti, vol. II**, Última,

Guillermo Jiménez Sánchez, **Derecho Mercantil, Tomo II**, Última,

Aurelio Menéndez / Angel Rojo, **Lecciones de Derecho Mercantil, Tomo II**, Última,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito mercantil I/V08G081V01502

Outros comentarios

Para profundizar nos contidos de esta materia recoméndase cursar no 4º curso as asignaturas optativas ""Dereito do comercio internacional", "Dereito concursal", "Propiedade industrial e competencia" e "Dereito Marítimo".

Observacións: No Programa conxunto de Estudos Oficiais no Grado en Administración e Dirección de Empresas-Grado en Dereito, esta materia impartese no 1º cuatrimestre del 5 curso e o profesor responsable é Anxo Tato Plaza (atato@uvigo.es)

DATOS IDENTIFICATIVOS**Dereito concursal**

Materia	Dereito concursal			
Código	V08G081V01931			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	Louredo Casado, Sara			
Profesorado	Costas Martínez, María del Carmen Louredo Casado, Sara			
Correo-e	saralouredo@uvigo.es			
Web				
Descrición	Análise do réxime xurídico vixente do concurso de acredores no ordeamento español xeral			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C52	CEI 5 - Coñecer os elementos fundamentais do proceso concursal desde o seu inicio ata a súa finalización.
C53	CEI 6 - Saber interpretar e aplicar as normas mediante as cales a lexislación concursal disciplina os procesos de insolvencia.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer en profundidade as características do proceso concursal e ser capaz de redactar e comprender os documentos básicos que se manexan nun concurso de acredores	A2	B1	C52	D3
	A3	B2	C53	D5
	A4	B4		
	A5			

Contidos

Tema	
A administración concursal	- Composición e nomeamento - Funcións máis relevantes - Responsabilidade esixible
Declaración de concurso e efectos	- Presupostos da declaración - Auto de declaración - Efectos do concurso no deudor/a e nos contratos
A masa activa	- Concepto - Determinación - Accións de reintegro - Créditos contra a masa
A masa pasiva	- Concepto - Clasificación de créditos: privilexiados, ordinarios e subordinados
Finalización do concurso	- Convenio cos acredores: maiorías, efectos, etc. - Liquidación e extinción da empresa

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	80	100
Resolución de problemas	10	0	10
Foros de discusión	5	0	5
Exame de preguntas obxectivas	1.5	0	1.5
Resolución de problemas e/ou exercicios	19	14.5	33.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Explicación dos epígrafes do programa seguindo un esquema de presentación e conclusións
Resolución de problemas	Realización de actividades prácticas (casos, lecturas, encontros con expertos).
Foros de discusión	Organización dun ciclo práctico sobre as saídas profesionais e principais problemáticas que afrontan os profesionais relacionados co concurso de acredores: xuíces, administradores/as concursais e avogados/as do concurso. Previsiblemente, serán tres conferencias ao longo do cuadrimestre.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Titorías personalizadas nos horarios publicados na páxina web da Facultade
Resolución de problemas	Titorías personalizadas nos horarios publicados na páxina web da Facultade. Atención personalizada durante a celebración das prácticas na clase
Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	O alumnado pode asistir igualmente ás titorías mencionadas para a preparación desta proba.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Durante a mesma clase práctica na que se desenvolve o caso poderanse plantexar todas as dúbidas asociadas ao exercicio

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas	Da primeira parte da materia, se realizarán distintas actividades no marco das prácticas de laboratorio, as cales terán unha puntuación máxima de 3 puntos.	30	A2 A3 A4 A5	B1 B2 B4	C52 C53	D3 D5
Exame de preguntas obxectivas	Se plantexarán entre 4 e 6 preguntas de resposta curta para avaliar os coñecementos adquiridos	40	A2 A3 A4 A5	B1 B2	C52 C53	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Da segunda parte da materia, se plantexarán unha serie de casos prácticos, titorizados pola profesora para debater en clase ou entregar por escrito, que contarán un máximo de 3 puntos	30	A2 A3 A4 A5	B1 B2 B4	C52 C53	D3 D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

O sistema de avaliación será o de continua. Para acollerse ao sistema de avaliación continua o alumno/a deberá asistir regularmente a clase. Para estes efectos, realizaranse controis aleatorios de asistencia e considerarase que un alumno/a incumpriu este requisito se acumula máis de tres faltas de asistencia sen xustificar.

Nese sistema de avaliación continua, para aprobar a asignatura esíxese acudir á proba final ou exame de preguntas obxectivas e obter un mínimo de 2 puntos sobre 4. As notas da avaliación continua gárdanse ata a convocatoria de xullo do curso académico seguinte -incluso nunha eventual participación na convocatoria de fin de carreira-.

Os alumnos/as que -por circunstancias excepcionais- non realicen a avaliación continua, farán un exame final que contará o 100% da nota, dividido do seguinte xeito: unha parte teórica (cunha calificación máxima do 60%) xunto cun exame con

casos prácticos relativos ás materias explicadas durante o curso (cunha calificación máxima do 40%). Do mesmo modo será avaliado o alumnado que participe nunha convocatoria de fin de carreira que non corresponda ao curso inmediatamente seguinte no que teña cursado esta materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Juana Pulgar Ezquerro (Dir.), **Manual de Derecho Concursal**, Última, La Ley,

Marta Flores Segura y M^a Luisa Muñoz Paredes, **Lecciones de Derecho Concursal**, Última, Civitas,

Bibliografía Complementaria

Pedro Rebollo Díaz, **Introducción al Derecho Concursal**, Bosch Barcelona (online),

Ana Belén Campuzano Laguillo, **Esquemas de Derecho Concursal**, Última, Tirant lo Blanch,

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito mercantil II/V08G081V01702

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito mercantil I/V08G081V01502

DATOS IDENTIFICATIVOS**Propiedade industrial e competencia**

Materia	Propiedade industrial e competencia			
Código	V08G081V01932			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	Fernández Carballo-Calero, Pablo Ignacio			
Profesorado	Costas Comesaña, Julio Fernández Carballo-Calero, Pablo Ignacio Tato Plaza, Anxo			
Correo-e	pcarballocalero@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia ten por finalidade explicar os principios básicos que rixen os dereitos de propiedade industrial e o dereito da competencia (tanto na súa vertente antitrust como desleal).			
	A docencia teórica complementábase con prácticas e traballos de seminario focalizados nos aspectos que xeneran mais litixiosidade			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C50	CEI 3 - Coñecer a protección dos signos distintivos e invencións e as normas que disciplinan a competencia dos empresarios no mercado.
C51	CEI 4 - Saber interpretar e aplicar as normas relativas aos signos distintivos e invencións e as normas de defensa da competencia e competencia desleal.
LECCIÓN 5. As prestacións do sistema: trazos xerais.	<ol style="list-style-type: none"> Caracterización xeral: extensión e niveis de protección. Os riscos sociais atendidos polo sistema. O réxime privilexiado da protección dos riscos derivados do traballo. <ol style="list-style-type: none"> Determinación e acción protectora dos riscos profesionais. Determinación e acción protectora dos riscos comúns. O réxime xurídico das prestacións. <ol style="list-style-type: none"> Concepto e clasificación. Requisitos xerais e o seu flexibilización. Determinación da contía e revalorizacións. A recarga de prestacións nas continxencias profesionais. Garantías e regras sobre a prescrición e caducidade. A responsabilidade en orde ás prestacións.
LECCIÓN 6. Réxime xeral. Actos de encadramento, cotización, responsabilidade en orde ás prestacións e recadación.	<ol style="list-style-type: none"> Os actos de encadramento: <ol style="list-style-type: none"> a constitución da relación xurídica de Seguridade Social. Inscrición de empresas Afiliación, alta e baixa dos traballadores. As situacións asimiladas. O financiamento da protección social e os seus problemas: a "crise" financeira da Seguridade Social. As fontes de financiamento e recursos do sistema de Seguridade Social e o seu réxime financeiro: o sistema de repartición. A cotización á seguridade Social e a súa recadación: <ol style="list-style-type: none"> A obriga de cotizar: natureza xurídica. Suxeitos obrigados e responsables da cotización. Obxecto e dinámica da obriga de cotizar: a determinación da cota. A xestión recaudatoria.
LECCIÓN 7. Asistencia sanitaria	<ol style="list-style-type: none"> Beneficiarios Situacións protexidas Nacemento do dereito, duración, extinción Contido xestión e solicitudes Normativa básica Asistencia sanitaria nos Regulamentos comunitarios e nos Convenios bilaterais .
LECCIÓN 8. Incapacidade temporal, maternidade, paternidade e risco durante o embarazo e a lactancia e cancro ou enfermidade grave do menor. O ingreso mínimo vital	<ol style="list-style-type: none"> Incapacidade temporal: <ol style="list-style-type: none"> Concepto e situacións protexidas Beneficiarios: requisitos do feito causante Contido da acción protectora Dinámica e xestión da prestación. A protección por maternidade, paternidade e a prestación de risco durante o embarazo e a lactancia: <ol style="list-style-type: none"> Concepto e situacións protexidas Beneficiarios: requisitos do feito causante Contido da acción protectora Dinámica e xestión da prestación.

LECCIÓN 9. Incapacidade permanente.	<ol style="list-style-type: none"> 1. A incapacidade permanente: caracterización xeral e niveis de protección. 2. Incapacidade Permanente contributiva: <ol style="list-style-type: none"> a) Concepto. b) Situación protexida: graos. c) Beneficiarios: requisitos do feito causante. d) Contido da acción protectora. e) Dinámica e xestión da prestación cualificación: a revisión da incapacidade permanente. 3. Modalidade non contributiva: a invalidez <ol style="list-style-type: none"> a) Concepto, beneficiarios e requisitos. b) Contido da protección, dinámica e xestión da prestación.
LECCIÓN 10. A xubilación.	<ol style="list-style-type: none"> 1. A protección de velez, consideracións xerais e niveis de protección. 2. A xubilación contributiva: <ol style="list-style-type: none"> a) Concepto. A xubilación gradual e flexible b) Situacións protexidas. c) Beneficiarios: requisitos do feito causante. d) Contido da acción protectora. e) Dinámica e xestión da prestación. 3. A xubilación non contributiva: <ol style="list-style-type: none"> a) Concepto, beneficiarios e requisitos. b) Contido da protección, dinámica e xestión da prestación.
LECCIÓN 11. Morte e supervivencia. Protección da familia.	<ol style="list-style-type: none"> 1. A familia na Seguridade Social: características xerais da súa protección. 2. A protección por morte e supervivencia: <ol style="list-style-type: none"> a) Concepto. b) Situacións protexidas. c) Requisitos do feito causante. d) O auxilio por defunción. 3. Pensión de viuvez e orfandade e outras prestacións a favor de familiares en caso de morte. <ol style="list-style-type: none"> a) Beneficiarios. b) Contido da acción protectora. c) Dinámica da prestación e xestión. 4. Prestacións familiares por fillo a cargo.
LECCIÓN 12. A protección por desemprego	<ol style="list-style-type: none"> 1. Concepto e clases de desemprego. Niveis de protección. 2. Nivel contributivo: <ol style="list-style-type: none"> a) Beneficiarios: requisitos do feito causante a protección; b) Contido da acción protectora. c) Dinámica e xestión da prestación. d) Obrigas do beneficiario. 3. Nivel asistencial: <ol style="list-style-type: none"> a) Beneficiarios: requisitos do feito causante. b) Modalidades e contido da prestación c) Dinámica e xestión da prestación. 4. Renda activa de inserción e outras axudas adicionais. 5. - A prestación por cesamento de actividade.
LECCIÓN 13. Réximes Especiais. Réxime Especial de Traballadores Autónomos	<ol style="list-style-type: none"> 1. A administración laboral en materia de Seguridade Social. A Inspección de traballo. 2. A actividade sancionadora en materia de Seguridade Social: infraccións, suxeitos responsables e procedemento sancionador. 3. Os procesos de Seguridade Social.
LECCIÓN 14. Seguridade Social complementaria.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Formulación xeral 2. Modalidades da protección social complementaria: <ol style="list-style-type: none"> a) Pública; Interna e externa b) Privada: As melloras voluntarias

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos	15	15	30
Lección maxistral	34	8	42
Exame de preguntas obxectivas	2	33	35
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	30	31
Observación sistemática	6	6	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo de casos	Planteamiento e resolución de casos prácticos ao fin de levar á práctica os contidos teóricos da materia. A tal efecto, o docente propondrá ao alumnado a resolución de feitos, supostos, casos, sentencias, etc, coa finalidade de coñecerlos, interpretalos, resolvelos, así como reflexionar sobre os mesmos, contrastar datos, completar os seus coñecementos e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos da materia obxecto de estudio, as súas bases teóricas e directrices principais, contidos que deberán ser estudados polo alumnado e que serán obxecto de avaliación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Atenderanse e resolvense as dúbidas expostas polo alumnado en relación cos contidos da materia impartidos durante as sesións maxistrais
Estudo de casos	Actividade académica desenvolvida polo profesorado, individual ou en pequeno grupo, que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionandolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a tutorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Exame de preguntas obxectivas	Durante o cuatrimestre se realizarán 2 probas sobre unha parte dos contidos teóricos da materia. A cualificación obtida en cada test suporá un 20% da nota final. En ningún caso a superación destes cuestionarios liberará de materia de cara á realización do exame final. As datas de celebración de cada test/cuestionario serán fixadas polo docente no cronograma da materia.	40		
Exame de preguntas de desenvolvemento	Os contidos teóricos da materia serán avaliados nunha proba/examen final. Trátase dunha proba teórica e escrita, que incluírá entre 4 e 7 preguntas de desenvolvemento sobre os distintos epígrafes do programa. O alumnado deberá demostrar a adquisición de coñecementos teóricos da materia en respostas de extensión intermedia. A cualificación obtida nesta proba suporá o 40% da nota final. Nun obstante, para poder ser avaliado polo sistema de avaliación continua, é preciso acadar como mínimo un 4 sobre 10 nesta proba.	40	B1	D1 D5
Observación sistemática	Avaliación continua das clases teóricas e prácticas. As actividades concretas obxecto de avaliación serán especificadas e explicadas polo docente responsable o primeiro día da clase.	20		

Outros comentarios sobre a Avaliación

CONVOCATORIA ORDINARIA XANEIRO (Sistema de avaliación continua/sistema avaliación final).

DATA EXAMEN: aprobada na Xunta de Facultade e publicada na web da Facultade a) Avaliación continua. Para poder optar ao sistema de avaliación continua, o alumnado deberá acreditar asistencia a un 80 % das clases teóricas e prácticas, sen que, salvo casos excepcionais -ej. enfermidades de longa duración verificadas con informe médico-, se permita xustificar a ausencia. En caso contrario, sempre poderá acollerse ao sistema de avaliación final. EN TODO CASO, PARA QUE A CUALIFICACIÓN OBTIDA NA AVALIACIÓN DA OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA E NAS PROBAS TIPO TEST-EXAME PREGUNTAS OBXECTIVAS- POIDA SUMARSE Á CUALIFICACIÓN OBTIDA NO EXAME DE PREGUNTAS DE DESENVOLVEMENTO, DEBERÁ ALCANZARSE UNHA NOTA MÍNIMA DE 4 SOBRE 10 NESTA ÚLTIMA PROBA. DE NON OBTERSE UN 4, A CUALIFICACIÓN OBTIDA NA AVALIACIÓN CONTINUA NON SE TERÁ EN CONTA, PODENDO CONSERVARSE PARA A CONVOCATORIA DE XULLO, NA QUE SE APLICARÁ A MESMA REGRA. b) Avaliación final. O estudantado que non se acolla ao sistema de avaliación continua ou que renuncie, será avaliado nun examen final. Trátase dunha proba escrita, de carácter teórico e de carácter práctico, sobre todos os contidos da materia e representará o 100% da nota final, computanto o 70% a parte teórica e o 30% a parte práctica).

CONVOCATORIA ORDINARIA XUÑO/XULLO (2º oportunidade) DATA EXAME: aprobada na Xunta de Facultade e publicada na web da Facultade Se o alumnado non superase a materia na convocatoria ordinaria do mes de xaneiro, a nota obtida na avaliación continua desenvolvida durante o curso conservarase para a convocatoria do mes de xuño-xullo (2ª oportunidade). Porén, se non superase a materia nas dúas citadas convocatorias do curso académico, o alumnado tería que someterse a un novo proceso de avaliación continua, agás que opte pola avaliación final teórica e práctica.

CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA: DATA EXAME: aprobada na Xunta de Facultade e publicada na web da Facultade Na convocatoria FIN DE CARREIRA o alumno será avaliado nun único examen escrito, de carácter teórico e práctico que representará o 100 % da nota final (70% parte teórica e 30% parte práctica).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

VIDA SORIA, J., MONEREO PÉREZ, JL, MOLINA NAVARRETE, C. y QUESADA SEGURA, R., **Manual de Seguridad Social**, Tecnos, Madrid,

Bibliografía Complementaria

BLASCO LAHOZ, JF., LÓPEZ GANDÍA, J., MOMPALMER CARRASCO, MA., **Curso de Seguridad Social**, Tirant lo Blanch, Valencia,,

RODRÍGUEZ RAMOS, MJ, GORELLI HERNÁNDEZ, J, VÍLCHEZ PORRAS, M., **Sistema de Seguridad Social**, Tecnos, Madrid, Boletín Oficial del Estado, **Código de legislación social**, ULTIMA, B.O.E.,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito do traballo e da seguridade social/V08G081V01504

DATOS IDENTIFICATIVOS**Responsabilidade penal e administrativa no ámbito financeiro-tributario**

Materia	Responsabilidade penal e administrativa no ámbito financeiro-tributario			
Código	V08G081V01943			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito público especial			
Coordinador/a	Aneiros Pereira, Jaime Lago Calvo, Francisco José			
Profesorado	Aneiros Pereira, Jaime			
Correo-e	fjlagocalvo@gmail.com janeiros@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Trátase de coñecer as consecuencias derivadas da comisión de ilícitos, tanto no ámbito penal como no estritamente tributario, cuxo prexudicado sexa o erario público.			
	Con iso preténdese dotar dos coñecementos precisos para, tanto no ámbito da Administración como das empresas, adoptar as medidas necesarias para evitar responsabilidades legais e, igualmente, coñecer as consecuencias da realización dunha infracción ou dun delito.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C66	CEI 19 - Ser capaz de identificar problemas tributarios que se expoñen nas empresas e saber utilizar os principais instrumentos para a súa resolución, mesmo desde un punto de vista interdisciplinar.
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer o réxime xurídico que, tanto no ámbito penal como no administrativo-financeiro, protexe o diñeiro público en todos os seus contornos	A2	B1 B4	C66	D1 D5

Contidos

Tema	
A protección dos intereses financeiros do Estado	O diñeiro público como ben xurídico protexido Ius puniendi de o Estado: Dereito Penal e Dereito Sancionador tributario. Principios punitivos comúns. Delitos tipificados en o Código Penal e en as Leis penais especiais.
A autoría e a participación nos ilícitos penais e administrativo-tributarios: sistemas de responsabilidade	Autoría e participación no Código Penal Autoría e participación delictiva nas infraccións administrativas e, en particular, nas tributarias Os sistemas de exoneración de responsabilidade para persoas físicas e xurídicas

As responsabilidades derivadas de a protección da recaudación do crédito público.	Delito fiscal. Infraccións tributarias na Lei Xeral Tributaria e nas Leis dos impostos Delito de contrabando. Infraccións de contrabando e o procedemento ante a Axencia Tributaria Delito de alzamiento de bens. Responsabilidade tributaria por actuacións que dificulten o embargo e por interposición de persoas na Lei Xeral Tributaria
Ilícitos derivados da administración de fondos públicos	Malversación de caudais públicos. Responsabilidade contable ante o Tribunal de Contas Fraude de subvencións. Infraccións en materia de subvencións na Lei Xeral de Subvencións Reintegro de subvencións e o seu procedemento na Lei Xeral de Subvencións e na normativa orzamentaria
Outros ilícitos relacionados coa Facenda Pública	Delito de Blanqueo de capitais. A normativa de prevención do blanqueo de capitais Delito contable. Infraccións contables tipificadas na Lei Xeral Tributaria O delito de falsidade en documento mercantil: facturación falsa Infraccións tributarias en materia de facturación na Lei Xeral Tributaria

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	34	60	94
Debate	1	0	1
Resolución de problemas	11	31	42
Aprendizaxe baseado en proxectos	5	5	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Presentación	1	0	1
Informe de prácticas, prácticum e prácticas externas	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición, por parte do profesorado, das principais cuestións dogmáticas da materia, así como do réxime xurídico aplicable
Debate	Asistencia e participación activa en clase
Resolución de problemas	Trátase de que o alumnado sexa capaz de identificar e resolver as principais cuestións xurídicas, co apoio e dirección do profesorado. O obxectivo principal é conseguir unha participación activa en clase do alumnado ou que realice unha presentación por escrito deles.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Trátase de que o alumnado se achegue a problemas reais que xorden do contacto con asociacións e institucións, de xeito que baixo a supervisión do profesorado se poida dar una resposta axeitada as cuestións consultadas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Exposición, polo profesorado, das principais cuestións xurídicas que plantexa a temática obxeto da materia. O carácter maxistral non impide a interacción co alumnado e a participación activa deste nas clases mediante exposicións, debates e outras modalidades.

Resolución de problemas	Explicación argumentada, por parte do estudiantado, das distintas alternativas xurídicas existentes ante uns feitos así como sobre a determinación das consecuencias xurídicas dos mesmos.
Debate	O profesorado da materia planificará e dirixirá o debate do alumnado sobre temas de interese
Aprendizaxe baseado en proxectos	Metodoloxía baseada na resolución de casos reais plantexados polo profesorado

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Aprendizaxe baseado en proxectos	O estudiantado que participe nesta metodoloxía voluntaria, poderá acadar a mesma cualificación que obtería a través de metodoloxía obligatoria de resolución de problemas. Polo tanto, trátase dunha alternativa na metodoloxía docente	20	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliación do coñecemento da materia a través de probas de resposta curta ou test	40	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Avaliaranse os coñecementos adquiridos dos contidos da materia que se impartiron	40	
Presentación	Asistencia e participación activa ás clases teóricas e prácticas	20	

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. A calificación final da materia Responsabilidade penal e administrativa no ámbito financeiro e tributario determinase a partir da suma das calificacións obtidas na asistencia e participación na clase, na resolución de exercicios e problemas plantexados, na resolución de preguntas de desenvolvemento, e outras actividades. Tamén se contempla un exame final para o alumnado que non participe do sistema de avaliación continua, se ben neste caso deberá demostrarse o coñecemento dos distintos subtemas da materia.

2. Evaluación continua: Terase en conta a participación do alumnado nas sesións presenciais, tanto no plantexamento de preguntas como na aportación de respostas ás formuladas polo profesorado, a capacidade argumental e de desenvolvemento das distintas posicións xurídicas nos distintos supostos plantexados.

Para acollerse ao sistema de avaliación continua é necesario asistir con regularidade a todas as clases, salvo motivos xustificadas, e participar activamente nelas. Ello supón o 20 por cento da nota. Igualmente, faranse probas de preguntas obxetivas e test, que suporán o 40 por cento da nota.

Tamén se farán actividades de estudo de casos e de resolución de supostos, que deberán ser entregados polo alumnado para ser valorados e ello suporá o 40 por cento da nota. Na medida en que a participación na metodoloxía aprendizaxe-servizo é voluntaria, a súa participación terá o mesmo peso na nota aínda que elo supoña unha redución no número de supostos a resolver.

O exame final se realizará nos termos e condicións que regule el regulamento de estudantes ou a normativa de exámenes. Primeira convocatoria: O exame final, para quen non supere a avaliación continua, consiste na resolución dun suposto de feito para a súa resolución disporase dunha hora de da posibilidade de utilizar lexislación. Tamén haberá preguntas test e preguntas de desenvolvemento, que suporán un 33 por cento, respectivamente, da nota.

Segunda convocatoria: Rexirase polas mesmas normas e criterios da primeira convocatoria

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- ANEIROS PEREIRA, JAIME, **Las sanciones tributarias**, Marcial Pons, 2005
- AYALA DE LA TORRE, FRANCISCO JOSE, **Compliance**, Memento-El Derecho, 2016
- FABRA VALLS, MODESTO, **Prevención y represión del blanqueo de capitales**, Tirant Lo Blanch, 2015
- CUESTA MUÑOZ, JAVIER, **Tratado de Responsabilidades penales en la Administración local**, Cosital, 2015
- PELAEZ MARTOS, JOSE MARIA, **Manual de Prevención de Blanqueo de Capitales**, CISS, 2014
- RUIZ HIDALGO, CARMEN, **Responsabilidad tributaria por alzamiento de bienes en la nueva LGT**, Marcial Pons, 2009
- QUINTERO OLIVARES, G, **Comentarios a la reforma penal de 2015**, Aranzadi, 2016
- MARTIN FERNANDEZ, J, **La prevención del delito fiscal y del blanqueo de capitales a través del compliance**, Thomson Reuters Aranzadi, 2018
- GOMEZ TOMILLO, MANUEL, **Comentarios prácticos al Código Penal. Tomo I**, Thomson Reuters Aranzadi, 2017
- VV.AA., **Responsabilidad penal de la persona jurídica**, Wolters Kluwer, 2018
- Gómez Martín, V./ Corcoy Bidasolo, M., **Manual de Derecho penal, económico y de la empresa. Parte general y parte especial. Doctrina y jurisprudencia con casos solucionados**, 1ª, Tirant Lo Blanch, 2016
- AAVV, **Memento Práctico Penal y Económico de la empresa 2016-2017**, 1ª, Francis Lefevre, 2017
- Núñez Castaño E./ Galán Muñoz A., **Manual de Derecho Penal Económico y de la Empresa**, 1ª, Tirant Lo Blanch, 2017

Martinez- Buján Pérez, C., **Derecho Penal Económico y de la Empresa. Parte General**, 5ª, Tirant Lo Blanch, 2016

Martinez- Buján Pérez, C., **Derecho penal Económico y de la Empresa. Parte Especial**, 5ª, Tirant Lo Blanch, 2016

Nieto Martin, A./ Lascurain Sánchez, JA/ Blanco Cordero, I.: **Manual de cumplimiento penal en la empresa**, 1ª, Tirant Lo Blanch, 2015

Vives Antón, T./Orts Berenguer, E./Carbonell Mateu, JC./González Cussac, JL /Martínez Buján, C, **Derecho penal, Parte especial**, 5ª, Tirant Lo Blanch, 2017

Magdalena Cámara, M., **Aspectos Dogmáticos y Político criminales de las insolvencias punibles**, 1ª, Aranzadi, 2018

Bibliografía Complementaria

ANEIROS PEREIRA, JAIME, **El delito fiscal en Estudios Jurídicos en homenaje a Cesar Albiñana García Quintana**, IEF, 2008

BLANCO CORDERO, ISIDORO, **El delito de blanqueo de capitales**, Aranzadi, 2015

RUIZ HIDALGO, CARMEN, **La responsabilidad por levantamiento del velo como cláusula antielusiva**, 2016

VVAA, **Cuestiones penales a propósito de la reforma penal de 2015**, Dykinson, 2016

Demetrio Crespo, E/Nieto Martin, A., **Derecho penal económico y derechos humanos.**, 1ª, Tirant Lo Blanch, 2018

Feijoo Sánchez, B., **El delito corporativo en el Código Penal Español**, Thomson Reuters, 2016, 2ª, Thomson Reuters- Aranzadi, 2016

Ferre Olivé, J.C., **Trato de derecho Penal de delitos contra al Hacienda Publica y contra la seguridad Social**, 1ª, Tirant Lo Blanch, 2018

Recomendacións

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Dereito penal I/V08G081V01302

Dereito penal II/V08G081V01402

Dereito financeiro e tributario I/V08G081V01603

Dereito financeiro e tributario II/V08G081V01701

DATOS IDENTIFICATIVOS**Réxime fiscal da empresa**

Materia	Réxime fiscal da empresa			
Código	V08G081V01944			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego Inglés			
Departamento	Dereito público especial			
Coordinador/a	Muleiro Parada, Luís Miguel			
Profesorado	Aneiros Pereira, Jaime Muleiro Parada, Luís Miguel			
Correo-e	lmuleiro@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia Réxime Fiscal da Empresa constitúe unha profundización no estudo dos principais tributos que gravan o beneficio e as operacións dos empresarios, profesionais e sociedades. Así, a materia de estudo se centra na tributación dos rendementos das actividades económicas no IRPF, no Imposto sobre Sociedades e a tratamento tributario das operacións no IVE. Os contidos desta materia impártense en castelán (grupo en castelán: Réxime Fiscal da Empresa). Existe un segundo grupo da materia que se imparte integramente en inglés (grupo en inglés: Business Taxation).			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C65	CEI 18 - Coñecer os impostos directos e indirectos que resultan de aplicación ao exercicio dunha actividade empresarial ou profesional por parte de emprendedores, traballadores autónomos ou sociedades de capital.
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D2	Uso de linguas estranxeiras nas actividades das diferentes materias.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Identificar os problemas tributarios que se plantexan nas empresas e coñecer, interpretar e aplicar os principais instrumentos para a súa resolución	A2	B1	C65	D1
	A3	B2		D2
	A4	B3		D3
	A5	B4		D4
				D5

Contidos

Tema

LECCION 1: RÉXIME TRIBUTARIO DO EMPRESARIO INDIVIDUAL: IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS	Rendementos de actividades económicas. Determinación da base imponible: estimación directa normal e simplificada, estimación obxectiva. Reducións na base imponible. Integración e compensación de rendas. Base liquidable. Cuota tributaria. Xestión do imposto: autoliquidación, retencións e pagos a conta.
LECCION 2: RÉXIME TRIBUTARIO DO EMPRESARIO SOCIETARIO: IMPOSTO SOBRE SOCIEDADES	A base imponible: a corrección do resultado contable. Correccións de valor. Provisións. Operacións vinculadas. Subcapitalización. Prezos de transferencia. Gastos non deducibles. Exencións: por dobre imposición económica internacional e por rendas obtidas no extranxeiro. Redución por ingresos procedentes de determinados activos intanxibles. Compensación de BIN. Tipo de gravame e cuota. Deducións. Rexímenes especiais.
LECCION 3: RÉXIME TRIBUTARIO DO EMPRESARIO NON RESIDENTE: IMPOSTO SOBRE A RENDA DOS NON RESIDENTES	Formas de suxeición e réxime xurídico. Rendas obtidas a través de establecemento permanente: concepto, rendas imputables e réxime tributario. As rendas obtidas sen establecemento permanente. Xestión do imposto: autoliquidación, retencións, obriga de designar representante. O gravame especial sobre bens inmoables.
LECCION 4: IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	A base imponible: réxime xeral e regras especiais. A modificación da base imponible. Tipos de gravame e cuota tributaria. A repercusión do imposto. A rectificación de cuotas. A deución do imposto. A regra da prorrata. Devolucións. Rexímenes especiais para empresarios e profesionais: réxime simplificado, réxime da agricultura gandería e pesca, réxime dos bens usados, réxime das axencias de viaxes, réxime do comercio minorista, réxime dos grupos de entidades, réxime do comercio electrónico. Xestión do imposto: autoliquidacións, obras de documentación, a facturación do imposto.
LECCION 5: RÉXIME TRIBUTARIO DO COMERCIO EXTERIOR	Dereitos aduaneiros á importación: base imponible e cuantificación: o valor en Aduana e o TARIC. Os rexímenes aduaneiros especiais: tránsito, depósito, zonas francas, importación temporal e réxime de perfeccionamento, dereitos antidumping, despacho á exportación, exaccións reguladoras.
LECCIÓN 6: RÉXIME FISCAL DA EMPRESA FAMILIAR	Concepto xurídico-tributario de empresa familiar, constitución da empresa familiar, réxime tributario da tenencia, actividade e transmisión da empresa. O holding de empresa familiar

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	30	38	68
Resolución de problemas	14	21	35
Aprendizaxe-servizo	0	10	10
Observación sistemática	1	0	1
Presentación	0	15	15
Exame de preguntas obxectivas	6	15	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo.
Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas, a interpretación dos resultados.
Aprendizaxe-servizo	O alumnado poderá participar voluntariamente en actividades titorizadas de aprendizaxe-servizo. A aplicación desta metodoloxía queda condicionada á súa aprobación na convocatoria ApS 24-25.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Atenderanse e resolverán as dúbidas do alumnado respecto das actividades e/ou exercicios que se propuxeron para adquirir as competencias perseguidas. As sesións de tutorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico ou videoconferencia) baixo a modalidade de concertación previa.
Resolución de problemas	Atenderanse e resolverán as dúbidas do alumnado respecto das actividades e/ou exercicios que se propuxeron para adquirir as competencias perseguidas. As sesións de tutorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico ou videoconferencia) baixo a modalidade de concertación previa.

Aprendizaxe-servizo	As persoas que opten por este sistema contarán coa implicación do profesorado para alcanzar con éxito o obxectivo proposto. A aplicación desta metodoloxía queda condicionada á súa aprobación na convocatoria ApS 24-25.
---------------------	---

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Aprendizaxe-servizo	O alumnado poderá participar voluntariamente en actividades titorizadas de aprendizaxe-servizo. A aplicación desta metodoloxía queda condicionada á súa aprobación na convocatoria ApS 24-25.	Se calificará conjuntamente con a asistencia y participación en el 40 por ciento de la nota de evaluación continua.	A2 B1 C65 D1 A3 B2 D2 A4 B3 D3 A5 B4 D4 D5
Observación sistemática	Percepción atenta, racional, planificada e sistemática para describir e rexistrar as manifestacións do comportamento do alumnado. Asistencia regular e participación activa en clase e, no seu caso, asistencia a outras posibles actividades organizadas pola área de Dereito Financeiro e Tributario	40	A2 B1 C65 D1 A3 B2 D2 A4 B3 D3 A5 B4 D4 D5
Presentación	Presentación, exposición e debate na clase dun traballo individual acerca dunha temática específica da primeira parte da materia que preparará o alumnado e que se celebrará en sesión de seminario hacia a metade de cuadrimestre.	30	A2 B1 C65 D1 A3 B2 D2 A4 B3 D3 A5 D4 D5
Exame de preguntas obxectivas	O/a alumno/a que se acolla ao sistema de avaliación continua será avaliado a través de dunha proba final tipo test (30%). Os/as alumnos/as de avaliación global: a súa cualificación estará integrada polo 100% da cualificación obtida nun exame escrito, sendo diferente ao que realicen os/as alumnos/as de avaliación continua, no que se lle avaliarán de todas as competencias.	30	A2 B1 C65 D1 A3 B2 D2 A4 B3 D3 A5 B4 D4 D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

1.-Segundo se establece no Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado (aprobado polo Claustro da Universidade de Vigo o 18 de abril de 2023), o/a alumno/a deberá manifestar a súa intención de non acollerse ao sistema de avaliación continua conforme ao procedemento e na data establecidos polos órganos competentes do Centro. No caso de que o Centro non determine unha data concreta, indícarase polos profesores en primeiro día de clase.

2.- O/a alumno/a que se acolla ao sistema de avaliación continua será avaliado conforme aos seguintes criterios: 1º) Presentación dun traballo acerca dun tema específico da primeira parte da materia, realizarase a metade de cuadrimestre (30%), 2º) Proba tipo test, realizarase ao final do cuadrimestre (30%), 3º) Asistencia regular, participación activa en clase e actividades organizadas pola área de Dereito Financeiro e Tributario (40%). Para os efectos de poder realizar esta última avaliación controlarase a asistencia a clase e a participación activa.

3.- Os/as alumnos/as de avaliación global: a súa cualificación estará integrada polo 100% da cualificación obtida nun exame final escrito, que será diferente ao que realice o alumnado de avaliación continua. No exame de avaliación global avaliaránselles de todas as competencias.

4.- O exame final realizarase na data, lugar e hora especificados no calendario oficial aprobado para ese efecto pola Xunta de Facultade para o curso académico 2024/2025.

ADVERTENCIA ESPECÍFICA PARA OS/AS ALUMNOS/AS QUE CONCORRAN Á CONVOCATORIA DE FIN DE CARRERA: No exame de Fin de Carreira a nota final estará integrada polo 100% da cualificación obtida no exame escrito. O exame de Fin de Carreira realizarase na data, lugar e hora especificados no calendario oficial aprobado para ese efecto pola Xunta de Facultade.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

MALVÁREZ PASCUAL, L; MARTÍNEZ GÁLVEZ, P; RAMÍREZ GÓMEZ, S; SANCHEZ PINO, A.J., **Régimen Fiscal de la Empresa**, Última edición,

Bibliografía Complementaria

GARCÍA PRATS, F.A.; GARCÍA MORENO, V.A.; MONTESINOS OLTRA, S., **Tributación empresarial**, Última edición,

Compendio de textos legais da parte especial do Dereito Tributario de calquera das editoriais xurídicas coñecidas, Última edición, 2024

MARTÍN QUERALT, TEJERIZO LÓPEZ, CAYÓN GALIARDO (Directores), **Manual de Derecho Tributario. Parte especial**, Última edición, 2024

PÉREZ ROYO, F. (DIRECTOR), GARCÍA BERRO, F., PERÉZ ROYO, I., ESCRIBANO, F., CUBERO TRUYO, A., Y CARR, **Curso de Derecho Tributario. Parte Especial**, Última edición, 2024

MERINO JARA, I; LUCAS DURÁN, M.; CALVO VERGEZ, J.; FERNÁNDEZ AMOR, J.A.; GARCÍA CALVENTE, Y.; GARCÍA, **Derecho Tributario. Parte especial. Lecciones adaptadas al EEES**, Última edición, 2024

CAZORLA PRIETO, L.M.; CHICO DE LA CÁMARA, P., **Introducción al sistema tributario español**, Última edición, 2024

FERREIRO LAPATZA, J.J y otros., **Curso de Derecho Tributario**, Última Edición,

PITA GRANDAL, A.Mª. (Coordinadora), **Textos y casos prácticos de Derecho Financiero y Tributario II**, 2001,

CORDÓN EZQUERRO, T. (Dir), **Manual del impuesto sobre la renta de las personas físicas**, 2005,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito financeiro e tributario I/V08G081V01603

Dereito financeiro e tributario II/V08G081V01701

DATOS IDENTIFICATIVOS**Dereito administrativo económico**

Materia	Dereito administrativo económico			
Código	V08G081V01945			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	Otero Oitaven, Montserrat María			
Profesorado	Lareo Jiménez, Jacinto Otero Oitaven, Montserrat María Ruiz Cenicerós, Mauricio			
Correo-e	mootero@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia estúdase o significado e fundamentos das potestades da Administración en materia económica. En particular, a intervención pública na economía, as técnicas utilizadas, así como a reserva ao sector público de determinadas actividades económicas. Así mesmo, analízase a iniciativa pública económica e as técnicas de fomento do desenvolvemento económico.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Contidos

Tema

Lección 1.- Introducción ao dereito público da economía	1.- Aclaracións conceptuais 2.- A intervención pública na Economía: evolución e características
Lección 2.- A Constitución económica e financeira do Estado español	1.- Significado e contido da Constitución económica 2.- O principio de unidade da orde económica 3.- A actividade financeira pública 6.- A Administración Económica
Lección 3.- A reserva ao sector público de actividades económicas	1.- O artigo 128.2 CE. O servizo público como técnica de reserva 2.- O procedemento para efectuar as reservas 3.- A cuestión indemnizatoria
Lección 4.- O sector público económico: a empresa pública	1.- Formulación, concepto e clases de empresas públicas 2.- A empresa pública estatal 3.- A empresa pública autonómica 4.- O sector público e empresarial local
Lección 5.- A técnica de fomento do desenvolvemento económico. A actividade administrativa de policía ou limitación-control: as autorizacións, as declaracións responsables e as comunicacións.	1.- As técnicas de fomento 2.- As subvencións. Réxime competencial 3.- Réxime xurídico das subvencións públicas 4.- A actividade Administrativa de policía ou limitación-control. 5.- As autorizacións: as licenzas. As declaracións responsables e as comunicacións.
Lección 6.- A contratación do Sector Público	1.- Antecedentes 2.- Réxime xurídico 3.- Tipos contractuais 4.- Aspectos económicos e temporais do contrato e contido mínimo 5.- As partes da relación contractual 6.- Actuacións preparatorias dos contratos 7.- Criterios de valoración das ofertas e de adxudicación dos contratos 8.- Procedementos de adxudicación 9.- A execución dos contratos

Lección 7.- A regulación administrativa dos sectores económicos

- 1.- Medioambiente e Urbanismo
- 2.- Economía
- 3.- Agricultura
- 4.- Gandería
- 5.- Montes
- 6.- Pesca
- 7.- Portos
- 8.- Turismo
- 9.- Comercio
- 10.- Industria
- 11.- Xogos de sorte e azar
- 12.- Banca
- 13.- Enerxía
- 14.- Telecomunicacións
- 15.- Televisión e radio
- 16.- Infraestructuras e transportes
- 17.- Servizos postais
- 18.- Sanidade
- 19.- Política Social
- 20.- Infraestructuras e mobilidade
- 21.- Emprego
- 22.- Cultura
- 23.- Educación

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Estudo de casos	12	16	28
Lección maxistral	30	11	41
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	36	37
Traballo	9	34	43

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Estudo de casos	Análises de casos prácticos relacionados cos contidos da asignatura.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O profesor atenderá as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe
Estudo de casos	O profesor atenderá as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe
Probos	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	O profesor resolverá todas as dúbidas que de maneira individual se lle expoñan polos alumnos dedicando ao efecto o tempo preciso.
Resolución de problemas e/ou exercicios	O profesor atenderá as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas obxectivas	Probos para avaliación das competencias que inclúen preguntas abertas sobre un tema. Os alumnos deben desenvolver, relacionar, organizar e presentar os coñecementos que teñen sobre a materia nunha resposta extensa.	40	

Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba na que o alumnado debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor. Desta maneira, o alumno debe aplicar os coñecementos que adquiriu. Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	30
Traballo	O alumnado presentará o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática dun tema obxecto de estudo. Realizarase de maneira individual ou en grupo.	30

Outros comentarios sobre a Avaliación

Ao comezo do curso o alumno/a poderá optar de forma expresa polo sistema de:

- avaliación continua, ou
- proba final

A formalización da opción farase nun documento que lle entregará o profesor/a.

